

Por iso, no nome de todos e todas os que formamos parte deste proxecto, pedimos enerxicamente que se leven a cabo accións e actuacións directas a favor da recuperación e restauración dos nosos ríos e ribeiras realizando proxectos nos que especialistas na materia estuden, aborden e atallen o problema de forma inminente.

A ILP para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos aprobada como proposición de Lei polo Parla-

"Sabemos perfectamente que sen os ribeiráns todo intento de restauración será un fracaso"

mento Galego o día 20 de xuño de 2006 e, durmida xa nun caixón, non se pode desenvolver só coa participación social ou o voluntarismo, aínda que está na mente dos cidadáns, mesmo a nivel global. É pois imprescindible que se destinen partidas económicas coherentes, tal como se vén facendo con outro tipo de políticas que esixen a vida moderna, como a de infraestruturas.

A consecución deste apaixonante obxectivo debe estar baseada no control dos seguintes parámetros: a vixianza dos que contaminan o río durante todo o ano, coa mesma intensidade que en tempos pasados se fixo cos deportistas da pesca, limitando a cota de troitas, para que fosen en aumento; pero ninguén se deu de conta que os que botaban durante todo o ano os refugallos aos leitos eran os que máis pescaban. Con todo, seguía-se a facer repoboación, que era como botar auga nun cesto, cando as nosas piscifactorías estatais poñían o corazón no tema. Era necesario continuar a venda de licenzas, facer un sistema de sorteo no que saían gañando os de sempre; aos ribeiráns non chegaba un só permiso. Non se contaba con eles para nada, non se lles deixaba nin deixa limpar as bandas periféricas, nas que a leña lles pertence (que para iso pagan impostos). Por se iso fora pouco, non se inclúen no proxecto de recuperación dos leitos. Non lles dan subvencións anuais, como ocorre en Europa, polos terreos que non lles permiten plantar ou sementar. E sabemos perfectamente que sen eles, todo intento de restauración será un fracaso.

Tirando de datos das Comunidades veciñas como Asturias, Cantabria, Castela e León, promotores da "Saúde da


auga", avanza sen Galiza de forma extraordinaria, xa que a Confederación Hidrográfica do Norte non nos inclúe no seu mapa de melloras.

Temos que engadir que en España, para a conservación da troita autóctona non se miraron os ríos, ou quizais se miraron pero sen velos: nunha oficina cunha computadora diante, non se tivo en conta ou non se quixo ter aos que durante décadas utilizaron os ríos como medio de transporte dos seus lixos e vertidos. Cangrexos e outros invertebrados e alevíns ían desaparecendo. As industrias, moi preto dos leitos pluviais,

núcleos de poboación con depuradoras obsoletas, rexeitaban esta riqueza, que xa hoxe non existe. Por outra banda, culpábase aos ribeiráns, pescadores e algún furtivo. Vixiábanse os ríos e aos pescadores durante a campaña de pesca de xeito intensivo; mentres, ninguén se preocupaba dos que ensuciaban a auga, dos que regaban hortas. Esa vixianza da que estamos a falar nunca se fixo e agora están aí os grandes problemas dos nosos ríos.

* Benxamín Cela é pescador e membro de Adegas.

HOMENAXE AO RÍO NEIRA




Sopraba moi forte o vento,
movíanse as bidueiros.
Ían e viñan as tollas
dunha beira a outra beira,
dese fermoso torrente,
que lle chaman río Neira.
Colle regos, colle fontes,
e tamén colle roteiras;
e ten o seu nacemento moi preto da Fontaneira.
Ao baixaren costa abaixo, na súa louca carreira;
Vai desfecendo valados,
Asoballando silveiras.
En tempo de moitas choivas,
agarra fortes enchentas,
bótase fóra de máis,
arrastrando das ribeiras,
o lixo que nós deixamos
ao carón da súa ladeira.
Vaise achegando a Baralla,
lugar de terras grandeiras;
onde encontramos un gando
tan rubio como as cereixas;
unha estrada que te leva,
case a onde ti queiras.
Non se para no camiño,
como algúns que nos gobernan,
que en canto collen o posto,
só se ven nas tabernas...
con chaquetas e garabatas
en Inglaterra mercadas.
Un pescador do meu pobo,
coa súa canaveira,
enganchou unha chaqueta
do alcalde de Baleira.
Arrebolouna no río
por non ser estranxeira.

Benxamín Cela

A RECUPERACIÓN DOS RÍOS E RIBEIRAS

Por Benxamín Cela*



Ribeira do río Tambre.

A Federación Galega de Pescadores e a organización ecoloxista Adegas, promotora da Iniciativa Lexislativa Popular para a protección dos ríos e inmersa nos problemas que afectan á Natureza, non saímos do noso asombro ao observar e comprobar o abandono por parte das Autoridades autonómicas respecto ao coidado, restauración e mantemento do incomparábel patrimonio medioambiental que supoñen os nosos ríos e ribeiras, xa que as partidas económicas destinadas para a restauración dos afluentes foron insuficientes.

Esta indiferenza á que facemos referencia, tradúcese nun mal que cada vez adquire maiores dimensións, xa que os

"Pretendemos alertar do deterioro sufrido polos nosos ríos e instar ás autoridades e axentes sociais a que traballen en prol de atallalo"

ecosistemas naturais que conviven nos nosos "malparados" ríos van desaparecendo, deixando paso a paraxes inhóspitas con leitos e beiras cheas de "cultivos incontrolados", vertidos e desolación, debido aos erros de planificación á hora de protexelos.


Poderíanse explicar diversas formas e mesmo citar algúns textos de referencia onde se trata a planificación e restauración de ríos e ribeiras nos que se fala de

ofrecer indemnizacións anuais, para disuadir aos ribeiráns a non cultivar as faixas periféricas do leito. A FGP e Adegas non pretendemos impoñer nin adoutrinar a ninguén, senón "alertar" do deterioro sufrido polos nosos ríos e instar ás Autoridades, así como ao resto dos axentes sociais a que traballen en prol de atallar e solucionar estes problemas.

Polo tanto, estamos dispostos a rexeitar enerxicamente os proxectos ou obras que se pretenden levar a cabo no río Miño e no río Sil, así como todos aqueles que atenten contra a integridade dos ríos, nomeadamente, as minicentrais que, lonxe de reducir custos enerxéticos na nosa Comunidade, supoñen un impacto medioambiental de carácter grave que deriva nunha redución considerábel da fauna existente nestes leitos fluviais.

Non cremos pois, que sexa necesario sepultar máis vales construíndo encoros innecesarios que converten ao noso país nunha cloaca. Debemos centrar os esforzos colectivos en modificar e modernizar os xa existentes, mesmo en eliminar algúns deles, facendo sempre fincapé na idea de base da restauración e recuperación, cuxo primeiro paso é a consecución da calidade das augas, tendo en conta os usos tradicionais (muiños, pesqueiras, batáns, etc.).

Non podemos esquecer a enorme riqueza piscícola da que dispoñemos, como os recursos naturais no que a pai-



saxe se reforza e que nas últimas décadas perdemos a pasos axigantados por mor, ás veces, da man humana.

Preténdese que esta batalla sexa gañada por todos e todas: ribeiráns, industrias, zonas urbanas, pescadores,... Pero temos o pleno convencemento de que isto é posíbel sen deteriorar, contaminar e/ou desestabilizar o medio natural.